



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo social e cooperación ao desenvolvemento

Materia	Traballo social e cooperación ao desenvolvemento			
Código	O05G220V01905			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Salgado Rodríguez, Eva María			
Profesorado	Salgado Rodríguez, Eva María			
Correo-e	evasalgadorguez@hotmail.com			
Web				

Descrición xeral A Cooperación Internacional, e concretamente, a Cooperación para o Desenvolvemento, nas que as ONG's son axentes de intervención clave, preséntanse como un novo ámbito formativo e de emprego para os e as traballadoras sociais.

Os complexos retos que van asociados á pobreza global e ao desenvolvemento están cada vez máis presentes nas demandas profesionais das axencias, gobernos, ONG's e organizacións académicas. Estes retos demandan profesionais do traballo social que poidan integrar un pensamento crítico e práctico dende diversas perspectivas para a búsqueda de solucións significativas e pacíficas.

Esta materia pretende profundizar en aspectos como desenvolvemento/subdesenvolvemento; desigualdade e dominio nas relacións Norte-Sul; pobreza-vulnerabilidade e exclusión social; proxectos de desenvolvemento integral, perspectiva de xénero no deseño e avaliación dos programas e proxectos de cooperación, Xustiza Social-Dereitos Humanos.

O obxectivo da materia é que o alumnado sexa quen de comprender e analizar a perspectiva do desenvolvemento como unha realidade complexa dende as súas causas globais e locais, orientada contra a pobreza e exclusión social, é dicir, hacia o cambio; e que adquira as competencias que lle leven a intervir de xeito eficaz en contextos internacionais, nos que se traballe pola xustiza social e o cumprimento dos dereitos humanos.

Esta materia relaciona a Cooperación Internacional para o Desenvolvemento co Traballo Social Comunitario, xa que dalgunha maneira, a Cooperación Internacional consiste en impulsar o desenvolvemento das comunidades, concretamente dos numerosos pobos e minorías étnicas que viven en dramáticas situacións, nun contexto no se poidan satisfacer as súas necesidades e canalizar as súas demandas, así como preparar ao/á estudante para súa integración en equipos interdisciplinares de cooperación.

Competencias de titulación

Código	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
A4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
A5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
A6	Demostrar competencia profesional no exercicio do traballo social
A7	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención

- A8 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
- A9 Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
- A10 Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
- A11 Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
- A12 Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
- A13 Apoiar o desenvolvemento de redes para facer fronte ás necesidades e traballar a favor dos resultados planificados examinando coas persoas as redes de apoio ás que poidan acceder e desenvolver; en especial, no caso de mulleres (maltratadas, coidadoras habituais de persoas dependentes, enfermas mentais e con outras incapacidades...) e considerando as peculiaridades de Galicia en tanto que é un país con alta dispersión da poboación, agrupación territorial moi diferenciada entre o rural e os espazos urbanos, territorios abandonados e alto envellecemento da poboación (esixencia de maiores redes)
- A14 Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
- A15 Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
- A16 Analizar e sistematizar a información que proporciona o traballo cotián como soporte para revisar e mellorar as estratexias profesionais que deben dar resposta ás situacións sociais emerxentes
- A17 Utilizar a mediación como estratexia de intervención destinada á resolución alternativa de conflitos
- A18 Diseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
- A19 Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
- A21 Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
- A22 Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
- A23 Administrar e ser responsable do seu propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo
- A25 Xestionar e presentar historias e informes sociais manténdooos completos, fieis, accesibles e actualizados como garantía na toma de decisións e valoracións profesionais; con especial precaución a respecto do dereito dos usuarios e das usuarias á confidencialidade, ao segredo profesional e á protección de datos
- A27 Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
- A28 Investigar, analizar, avaliar e utilizar o coñecemento actual das mellores prácticas do Traballo Social para revisar e actualizar os propios coñecementos sobre os marcos de traballo
- A29 Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
- A30 Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados
- B1 Capacidade de análise e síntese
- B2 Capacidade de organización e planificación
- B3 Capacidade reflexiva
- B4 Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
- B6 Coñecemento da cultura propia da comunidade
- B7 Aprendizaxe e dominio de novas tecnoloxías
- B8 Capacidade de xestión da información
- B9 Resolución de problemas
- B10 Toma de decisións
- B11 Traballo en e con equipos diversos
- B12 Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
- B13 Traballo nun contexto internacional
- B14 Habilidades nas relacións interpersoais
- B15 Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
- B16 Razoamento crítico
- B17 Compromiso ético

B18	Aprendizaxe autónoma
B19	Adaptación a novas situacións
B20	Creatividade
B22	Iniciativa e espírito emprendedor
B23	Motivación pola calidade
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñece e comprende de xeito crítico os principais aspectos dos desequilibrios e desigualdades sociais e de poder e os mecanismos de discriminación e opresión (en especial os derivados das relacións económicas e de traballo, xénero, étnicas e culturais), en relación ao desenvolvemento humano.	A2	B2
	A7	B3
	A9	B8
É capaz de describir os conceptos propios da cooperación ao desenvolvemento e de realizar un análise crítico dos enfoques e das teorías do desenvolvemento.	A7	B2
	A9	B3
		B8
		B15
		B24
Diferencia os distintos axentes de cooperación ao desenvolvemento, a nivel internacional, nacional, autonómico e local, a axuda oficial ao desenvolvemento, os tipos/modelos de cooperación e a participación da sociedade civil na cooperación ao desenvolvemento ou axuda non oficial ao desenvolvemento.	A7	B2
	A9	B8
		B15
Coñece e identifica as características principais e os espazos de intervención do traballo social no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.	A1	B1
	A2	B2
	A3	B3
	A4	B4
	A5	B6
	A6	B7
	A7	B8
	A8	B9
	A9	B10
	A10	B11
	A11	B12
	A12	B14
	A13	B15
	A14	B16
	A15	B17
	A16	B18
	A17	B19
	A19	B20
	A21	B22
	A22	B23
A23	B24	
	A25	
	A27	
	A28	
	A29	
	A30	
Identifica e valora as necesidades e opcións posibles para orientar programas de cooperación ao desenvolvemento acordos coas lóxicas culturais da poboación aos que se dirixan.	A12	B11
	A15	B13
	A18	B15
		B16
		B17
		B24
Coñece e é capaz de aplicar a xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e da perspectiva de xénero. Verifica fases, criterios e prioridades. É capaz de participar en equipos interdisciplinares.	A18	B10
	A21	B11
	A23	B12
	A28	B14
	A29	B15
	A30	B16
		B17
		B18
	B23	
		B24

Contidos

Tema	
BLOQUE 1. ASPECTOS INTRODUCTORIOS. NOCIÓNES BÁSICAS FUNDAMENTAIS.	Tema 1. Aproximación aos marcos contextuais da cooperación ao desenvolvemento: globalización e relacións norte-sul. Pobreza e conceptos asociados, igualdade e desigualdade.
	Tema 2. Introducción á cooperación. Conceptualización e noções básicas. Fundamentos da cooperación para o desenvolvemento. Evolución histórica, enfoques e teorías.
BLOQUE 2. OS INSTRUMENTOS DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO.	Tema 3. A Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Os instrumentos da Axuda Oficial ao Desenvolvemento: A Cooperación Bilateral e a Cooperación Multilateral. Os actores da axuda: Institucións e administracións públicas, Organizacións intergubernamentais, Organizacións Non Gubernamentais para o Desenvolvemento.
BLOQUE 3. MARCO NORMATIVO. O SISTEMA ESPAÑOL DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO. CONTEXTUALIZACIÓN NA C.A. GALEGA.	Tema 4. O Sistema Español da Cooperación Internacional ao Desenvolvemento. Lei Española de Cooperación Internacional. Plan Director da Cooperación Española.
	Tema 5. Contextualización na Comunidade Autónoma Galega. O III Plan Director de Cooperación Galega. A Coordinadora galega de ONGs para o desenvolvemento.
BLOQUE 4. TRABALLO SOCIAL E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.	Tema 6. O Traballo Social en Cooperación. Ámbitos de intervención. Sensibilización dos países do norte e intervencións de cooperación nos países do sul. A sociedade civil. A figura do/a voluntario/a e do/a cooperante. As Organizacións Non Gubernamentais para o Desenvolvemento.
BLOQUE 6. DISEÑO E XESTIÓN DE PROXECTOS SOCIAIS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO. FERRAMENTAS METODOLÓXICAS.	Tema 9. Diseño e xestión de proxectos sociais de cooperación ao desenvolvemento. Os proxectos de desenvolvemento e os proxectos de emerxencia ou axuda humanitaria.
	Tema 10. Xestión do ciclo dun proxecto. O Enfoque do Marco Lóxico. Financiamento da cooperación ao desenvolvemento: Organismos nacionais, europeos e internacionais.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	18	40	58
Traballos tutelados	6	22	28
Seminarios	9	12	21
Debates	4	4	8
Presentacións/exposicións	4	10	14
Probas de tipo test	2	17	19

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.
Traballos tutelados	En pequeno grupo o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre un dos ámbitos da cooperación para o desenvolvemento no traballo social. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización nun país en vías de desenvolvemento, redacción. Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo e supervisión de traballos.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema/ámbito específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Converte a profesionais externos ou ponentes de prestixio que permiten completar os contidos da materia e unha aproximación á praxe profesional contía.
Debates	Charlas abertas entre un grupo de estudantes. pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...

Presentacións/exposicións Traballo persoal do alumnado. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo de estudantes dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Sesión maxistral	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Traballos tutelados	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Presentacións/exposicións	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Seminarios	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.
Debates	Atención personalizada na aula e nas titorías no despacho da docente. Ao inicio do curso comunicaráselles ao alumnado os horarios de atención.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia. Comprensión do desenvolvemento da materia na parte teórica e práctica.	0
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora na aula para todo o grupo. Clarificación de conceptos. Explicación dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos a presentar (individuais e en grupo), exercicios e/ou proxectos a desenvolver polo alumnado. Acompañarase de titorías individuais e/ou grupais.	0
Traballos tutelados	Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción...Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo. Titorías grupais: supervisión de traballos.	30
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. Convite a profesionais externos ou ponentes de prestixio que permiten completar os contidos da materia e unha aproximación á praxe profesional cotiá.	0
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso ou situación, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...	10
Presentacións/exposicións	Traballo persoal dos e das estudantes. Exposición por parte do alumnado ante a docente e o grupo dun tema sobre os contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto. Levarase a cabo en pequeno grupo e cualificarase de xeito grupal mediante rúbricas de avaliación que previamente se lle entregarán e explicarán ao alumnado. Acompañarase das lecturas obrigatorias e a análise de textos.	20
Probas de tipo test	Proba escrita de carácter individual que avalía contidos de varias metodoloxías e encárgase dos elementos conceptuais da materia. As preguntas poderán ser tipo test con dúas alternativas de resposta ou pregunta corta. Dita proba cualificarase de igual xeito para asistenciais e non asistenciais.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

A nota final expresarase nunha escala de 0 a 10 segundo normativa vixente. Será necesario obter un mínimo de 5 en cada unha das partes avaliáveis para poder facer media.

Como se pode observar, a planificación deste proceso de ensino-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua. Será considerado/a alumno/a asistencial cando teña unha asistencia mínima do 80% ás sesións maxistrais, un 80% aos seminarios e un 80% aos pequenos grupos.

Existirá unha modalidade de avaliación para estudantes non asistentes. Aqueles estudantes que opten por non asistir a clases, ou non poidan, ou pretendendo ser «estudantes asistentes» teñan menos da asistencia requirida para ser

considerados como tal, terán que demostrar -igualmente que os seus compañeiros/as- a adquisición das diferentes competencias da materia.

As persoas non presenciais, terán que entregar antes da finalización de curso un **proyecto individual de intervención relacionado coa Cooperación para o Desenvolvemento** onde se reflectan os coñecementos e destrezas apreñendas, dito proxecto de intervención será unha esixencia a maiores de todo aquilo que se solicite ao conxunto do alumnado mediante a avaliación continúa e que figura neste apartado de metodoloxías de avaliación. Dito traballo será obrigatorio e cualificarase como apto ou non apto.

Na **convocatoria de xullo** o alumnado avaliará as competencias e probas non superadas na convocatoria anterior. Nesta convocatoria de xullo o estudantado non asistente terá que repetir novamente o exame completo. Non se gardarán notas de ningunha parte da materia -teoría ou práctica- para o seguinte curso académico.

Bibliografía. Fontes de información

Sotillo, José Angel., **El sistema de cooperación para el desarrollo.**, 2011,

Gascón, Jordi., **El turismo en la cooperación internacional. De las brigadas internacionalistas al turismo solidario.**, 2009,

Izquierdo Collado, J.D., **Cooperación al desarrollo y trabajo social.**, 2007,

GÓMEZ GALAN, MANUEL; SANAHUGA, JOSÉ ANTONIO (COORDs.); SOBRINO, JOSE MANUEL; LASAGNA, MARCELO; REY,, **La cooperación al desarrollo en un mundo en cambio. Perspectivas sobre nuevos ámbitos de intervención.**, 2001,

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

BRETÓN V. , GARCÍA F. Y ROCA A. (1999)(EDS), :

Los límites del desarrollo. Modelos "rotos" y modelos "por construir" en América Latina y África.

Icaria Editorial e Institut Calatá d'Antropología. Barcelona.

CERNEA, M. (1996) (ED): Poner primero a la gente.Fondo de Cultura Económica. México.

DE LA CRUZ, C. (1999): Guía metodológica para integral la perspectiva de género en proyectos y programas de desarrollo.

Emakunde-Instituto vasco de la Mujer, Victoria-Gasteiz.

ESCOBAR, Arturo (2009): Realidades trastocadas: las jerarquías de género en el pensamiento del desarrollo.UNAM.

KESAL, T. and MERCER, C. (2003) Empowering people? World vision and "Transformatory Development" in Tanzania.

Review of African Political Economy

96, 293-304.

PÉREZ de Armiño, Karlos (dir.) et al., (2001): Diccionario de Acción Humanitaria y Cooperación al Desarrollo. Icaria Editorial y Hegoa. Barcelona.

RIST, G. (2002): El desarrollo: Historia de una creencia occidental. Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación. Los libros de la Catarata. Madrid.

RODRÍGUEZ-CARMONA, A. (2002): La cooperación en zonas rurales: ¿Por qué fracasan los proyectos de desarrollo? En Ramírez de haro, Gonzalo, Rodríguez-Carmona, Antonio, Macías, Alfredo, Ballarain Pilar (coords.). Desarrollo y Cooperación en zonas rurales de América Latina y África, 219-239.

RODNEY, W. (1971):How Europe underdeveloped África. Washington DC: Howard University Prss.